

ACTA DO XURADO DA XIII EDICIÓN DO CONCURSO EXPLÍCOCHE MATEMÁTICAS 2.0

Reúñese o xurado da XIII edición do concurso Explícoche Matemáticas 2.0, o día 23 de xuño de 2025 ás 12:00 horas, na Sala de Xuntas da Facultade de Matemáticas, integrado polos seguintes membros da Comisión de Normalización Lingüística (CNL):

Alberto Cabada Fernández (presidente)
Miguel Domínguez Vázquez (secretario)
Samuel Alvite Pazos
María Isabel Borrajo García
Carla Dopazo Pavón
Carla Montoiro Suárez (telematicamente)
Óscar Rivero Salgado
Jorge Rodríguez López
María del Pilar Salgado Rodríguez
María Vidal García

e, de acordo coas bases establecidas, formando parte tamén do xurado:

Manuel Bermúdez Blanco, como representante do Servizo de Normalización Lingüística (SNL),
María Paz Bermúdez, como profesora do ensino medio (ausente na reunión),
Julia Rama González, como gañadora de edicións anteriores.

Dáse conta do procedemento de avaliación, do que xa foran informados os membros do xurado. O número de vídeos presentados a esta edición do concurso foi de 18 nunha única categoría (2º Ciclo da ESO, Bacharelato e ciclos de Formación Profesional). A avaliación organizouse en tres fases: nunha primeira fase, os membros da CNL, xunto con María Paz e Julia Rama, avaliaron tanto os aspectos matemáticos, como calidade lingüística e técnica. Aqueles que superaron uns mínimos nas valoracións (un total de 11 vídeos) foron remitidos ao SNL para a súa valoración lingüística e de calidade de imaxe e son, nunha segunda fase. Finalmente, o xurado procede á súa visualización e valoración, tanto de xeito individual como na sesión de deliberación no caso daqueles vídeos mellor valorados. Despois dun debate sobre a corrección dos contidos matemáticos, a calidade lingüística e de imaxe e son, o xurado acorda por unanimidade, conceder os seguintes premios.

Primeiro premio, dotado con 350 euros, a:

Título: Xogando a aproximar Pi
Autora: Antía Fernández Paulos
Titora: Beatriz Alfonsín Galiñanes
Centro: IES Castro Aobre

Segundo premio, dotado con 250 euros, a:

Título: A tartaruga de Fleury
Autoras: Adrián Arnosó Bermúdez, Manuel Díaz Sánchez, Saúl López Souto
Titoras: Beatriz Máquez Villamarín (profesora), Pilar López García (cotitora lingüística)
Centro: IES Isaac Díaz Pardo

Levántase a sesión ás 13:20 horas.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2025

Miguel Domínguez Vázquez - Secretario do Xurado